



ASISTENTES C.I.

C.I.G.

Federico Fernández Fernández
Cándido Pérez Betanzos

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Aser Fernández Rey
Manuel Velasco Graña
Carmen Serra Rodríguez

U.G.T.

Juan José Fernández

DELEGAN VOTO

Antón García Fernández
Carlos Mollinedo Lois

AUSENTES C.I.

ASISTENTES CC.EE.

Marisa Magaz Ledo

***DS**- Delegado Sindical

Reunidos nos locais sindicais do Edificio Fundición o día 22 de febreiro de 2004, ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.
4. Asuntos persoal
 - a. Ramiro Álvarez Clavero
 - b. Alexandre Sanjorge Sanjorge.
 - c. José Alonso Veiga e outros.
5. Xestión da lista de agarda.
6. Pagamento da antigüidade ao persoal laboral. Execución da Sentenza do TSX de Galicia de 31 de maio de 2005 e do auto do Tribunal Supremo de 6 de xuño de 2006. Debate e acordo, se procedera.
7. Rogos e Preguntas.

Antes de pasar o primeiro punto o Presidente da conta dos votos delegados que para esta sesión son os debidamente enviados por: Carlos Mollinedo Lois e Antón García Fernández que delegan ámbolos dous en Cándido Pérez

1) Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
Apróbanse por asentimento as actas extraordinarias das sesións celebradas os días 3, 13 e 17 de novembro.

- 2) Informe do Presidente.
O Presidente da conta dos seguintes asuntos:
- a. Da posta en marcha do proceso de intercambio de vacacións.
 - b. Da demanda contra os servizos mínimos establecidos pola Universidade de Vigo.
 - c. Da conformidade para realizar os trámites da mediación.

3) Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.

Comisión de Acción Social.

Federico Fernández e Victoria Alonso dan conta do acontecido na reunión que tivo lugar o 22 de decembro. Na sesión deste día resolvéronse distintas reclamacións sobre o reparto das axudas e a xerencia informou de que existía un remanente de aproximadamente 50.000 € da convocatoria de 2005.

- 4) Asuntos persoal
- a. Ramiro Álvarez
Este asunto chega ao Pleno para debater sobre o expediente disciplinario incoado a este traballador. O Comité acorda, na mentres non se resolta o litixio, non emitir opinión algunha para non entorpecer o proceso.



b. Alexandre Sanjorge

Alexandre encabeza un escrito dirixido ao CI polos Técnicos especialistas de actividades deportivas no que mostran a súa desconformidade porque a súa proposta de promoción ao grupo II non se teña en conta na Mesa negociadora do IIº Convenio e rematan este novo escrito reiterando a solicitude de promoción a postos homólogos ao B-20 do persoal funcionario.

Tras discutir este asunto o Pleno acorda que esta petición se terá en conta cando se negocie a nova RPT ao entender que na estrutura da área de deportes cabe un novo grupo II.

c. José Alonso Veiga

José, encabeza un escrito que dirixe ao xerente da Universidade de Vigo e outros no que solicitan vestiarios, duchas, lavabos e retretes nos centros nos que se requiren os seus servizos.

O Pleno apoia o escrito e fai extensiva a petición a todos os centros da Universidade de Vigo.

5) Xestión da lista de agarda

Federico Fernández, informa do estado actual das seguintes listas de agarda: TETD, TEAD, TE de microscopía, TETIC, TE de química e TE de bioloxía. Da conta de que a de TETIC non está actualizada. Manuel Velasco, que participou na elaboración desa lista comunica que lle transmitira as incidencias ao Xefe de RR HH quen non se opuxo a realizar os cambios propostos polo CI. Manuel comprométese a visitar de novo ao xefe de RR HH para solicitar a actualización.

6) Pagamento da antigüidade ao persoal contratado laboral.

Cándido Pérez, lembra que no mes de decembro solicitóuselle a xerencia unha entrevista para falar deste asunto, dita reunión aínda non tivo lugar. Tras discutir este tema acordase elaborar un modelo de escrito para que os/as prexudicados/as poidan solicitar a execución da sentenza.

7) Rogos e preguntas.

Aser Fernández, solicita a actualización dos membros do CI ao entender que hai membros que presentaron formalmente a súa dimisión. Cándido Pérez, contesta que están dimitidos a medias, que están nunha especie de limbo.

Manuel Velasco, pregunta porque non se substitúe á telefonista xa que neste momento está de baixa. Manuel, da conta tamén da comunicación que mantivo con Carmen Prieto, unha traballadora á que se lle acabou unha excedencia con reserva de posto e necesitaba asesoramento para seguir en excedencia ao ter un problema familiar grave. Cándido Pérez, da conta, así mesmo, de que tamén falou con esta compañeira.

Federico Fernández, solicita ao secretario que comunique que o día 28 de febreiro é o último día para poder solicitar as prendas de traballo.



Acordos:

- Elaborar un modelo de escrito para que o persoal contratado laboral poida solicitar a execución da sentenza favorable ao pagamento dos trienios.

Fdo: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)